



## **BASES DA CONVOCATORIA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIONS PARA COMISIONS DE FESTAS**

### **1- Obxecto das subvencións**

Gastos de Comisións de Festas parroquiais durante 2022

### **2- Beneficiarios e requisitos**

Comisións de Festas con personalidade xurídica propia sen ánimo de lucro, para realización de festas nas parroquias, que cumpran os seguintes requisitos:

- Non contravir o regulado nos artigos 13 e 10 da Lei 38/2003 xeral de subvencións e Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.
- No caso de asociacións que foran beneficiarias de subvencións concedidas en anos anteriores polo Concello de Cedeira, deberán telas debidamente xustificadas.
- Cumprir os requisitos da convocatoria.

### **3- Forma, lugar, prazo e documentación da presentación das solicitudes**

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles a contar desde o día de publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, unha vez publicadas a convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións.

As instancias presentaranse na sede electrónica de acordo co establecido nos artigos 14 e 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

### **4- Documentación:**

As instancias presentaranse na sede electrónica do Concello de Cedeira (<https://sede.cedeira.gal>), de acordo co establecido nos artigos 14 e 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e formalizaranse mediante unha solicitude xeral acompañada da seguinte documentación:

- Solicitude de subvención (Anexo A), asinada polo presidente/a da comisión ou cargo equivalente, axuntando copia do DNI do solicitante e copia do C.I.F. da Comisión.
- Declaración xurada da persoa asinante da solicitude sinalando se solicitou doutro organismo algunha subvención para a realización dos mesmos programas e actividades, a contía e si foron concedidas ou están pendentes de resolución. (Anexo A)
- Proxecto-memoria das actividades ou programa a realizar. (Anexo B)
- Declaración xurada do solicitante de non ter obrigas tributarias co Concello de Cedeira, nin coa Administración de Facenda ou Seguridade Social e de non contravir o regulado nos artigos 13 e 10 da Lei 38/2003 xeral de subvencións e Lei 9/2007 de subvencións de Galicia. (Anexo A)

### **5.- Crédito orzamentario e importe**

As subvencións faranse efectivas con cargo á aplicación 338.48900 por importe de 4.000,00 € para festas populares e festexos; repartirase a partes iguais entre as solicitudes presentadas e que cumpran



os requisitos para obter a subvención, ata esgotar o crédito orzamentario.

O importe da subvención poderá acadar o 100 por 100 dos gastos propostos.

### **6.- Abono da subvención.**

En aplicación do artigo 34.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións que establece a posibilidade de que se realicen pagos anticipados como financiación necesaria para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, o Concello aboará, unha vez aprobada a concesión da subvención, o 100% do importe subvencionado, previa acreditación da situación de cumprimento coas obrigas tributarias e coa seguridade social, reténdose o 30% en concepto de garantía.

O importe retido en concepto de garantía, abonarase unha vez xustificada a aplicación dada aos fondos recibidos nos termos sinalados na base novena.

Os pagamentos da subvención farase mediante transferencia ao número IBAN achegado.

### **7.- Réxime de compatibilidade**

As subvencións concedidas serán compatibles con outras subvencións, axudas ou ingresos coa mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración, sempre que a totalidade das axudas non supere o custo das actividades.

As entidades que reciban subvención están obrigadas a facilitar os datos que lle sexan solicitados polo Concello.

Quedan excluídas destas subvencións as asociación ou entidades coas que o Concello estableza convenio ou subvención nominativa.

### **8.- Órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento. Comisión Avaliadora, Concesión e Seguimento das Subvencións.**

Nomearase unha Comisión de Valoración que impulsará de oficio a realización de cantas actuacións sexan necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude das que se formulará a proposta de resolución.

A Comisión de valoración estará composta por:

- Presidencia: a titular da Concellería de Cultura ou persoa en quen delegue
- Vocais:
  - o titular da Concellería de Facenda ou persoa en quen delegue
  - a titular da Concellería de Turismo ou persoa en quen delegue
  - a persoa titular da Intervención Municipal participará na Comisión de valoración con voz e sen voto.
- Secretaría: unha administrativa dos Servizos económicos do Concello, en primeiro lugar, a de maior antigüidade, e en caso de imposibilidade ou incompatibilidade, a seguinte pola mesma orde.



Á vista da documentación que consta no expediente, e logo da valoración das solicitudes de conformidade cos criterios establecidos, a Comisión de valoración formulará un informe proposta de resolución de concesión provisional, debidamente motivado, que deberá expresar o/a solicitante ou a relación de solicitantes que cumpran os requisitos da convocatoria para os/as que propón a concesión da subvención e a súa contía, así como as solicitudes desestimadas, as desistidas e as non admitidas a trámite.

A Xunta de Goberno Local acordará a concesión ou denegación das subvencións, a proposta da Comisión de Valoración e previo informe de fiscalización pola Intervención municipal. A concesión deberá ser notificada ás persoas beneficiarias.

Contra o acordo que se adopte cabe interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes ante a Xunta de Goberno Local, ou ser impugnado directamente ante a Orde Xurisdiccional Contencioso-administrativa no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte a recepción da notificación da resolución.

## **9.- Prazos de execución e xustificación da subvención.**

A data límite para executar as actividades obxecto da subvención outorgada será o 30 de novembro de 2022.

A data límite para xustificar a subvención será o último día do mes de febreiro de 2023.

A xustificación realizarase mediante a presentación da documentación sinalada a continuación na sede electrónica do Concello e deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Memoria da realización da actividade efectuada
- Facturas relativas aos conceptos expresados nos xustificantes de gasto que serán obrigatoriamente os que foran motivo da subvención, así como unha relación das mesmas.
- O beneficiario deberá figurar obrigatoriamente como destinatario da factura.
- Cumprir os requisitos técnicos esixidos pola normativa que regulen as características da factura e o seu contido.
- Xustificante bancario do pagamento das facturas correspondentes. Só se admitirán pagamentos en efectivo cando o importe da factura sexa inferior a 100,00 € e sen que poida ser obxecto de fraccionamento.
- Declaración doutras axudas ou subvencións públicas para financiar as mesmas actividades.
- Certificado dos ingresos da actividade, que comprenderá a propia achega do Concello, cotas, así como os demais ingresos derivados das actividades, asinado pola Secretaría ou Tesourería da entidade co visto bo da Presidencia.
- Declaración asinada polo responsable da entidade beneficiaria de que a subvención se destinou ós mesmos fins para os que foi solicitada e concedida.
- Declaración xurada do solicitante de non ter obrigas tributarias co Concello de Cedeira, nin coa Administración de Facenda ou Seguridade Social
- Certificado bancario do número IBAN ou documentación similar.



Unha vez xustificada correctamente a subvención concedida, esta será aprobada pola Xunta de Goberno Local para o seu pagamento.

### **10.- Control financeiro**

As subvencións concedidas polo Concello están suxeitas a control financeiro por parte dos órganos competentes do Concello.

### **11.- Regulación supletoria.**

En todo o non previsto nas presentes bases, a concesión destas subvencións regularase polo disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, regulamento que a desenvolve, Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e Bases de execución do orzamento do Concello de Cedeira.

Cedeira, asinado electronicamente.

O Alcalde accidental  
Manuel Pérez Riola

**ANEXO A - SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NA SUBVENCION PARA COMISIÓNS DE FESTAS DE CEDEIRA. ANO 2022.**

DATOS DA COMISIÓN DE FESTAS SOLICITANTE			
Nome ou razón Social			
CIF		Correo electrónico	
Dirección a efectos de notificación			
CP		Localidade	

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE DA COMISIÓN DE FESTAS SOLICITANTE			
Nome e Apelidos			
DNI		Correo electrónico	
Dirección a efectos de notificación			
CP		Localidade	
Cargo que representa na entidade			

**DOCUMENTACIÓN APORTADA**

- Fotocopia do CIF da entidade
- Fotocopia do DNI do asinante das declaracións (Presidente/a ou Secretario/a)
- Proxecto-Memoria das actividades ou programa a realizar (Modelo Anexo B)
- Copia da póliza de Responsabilidade Civil en vigor, e xustificante de pago exercicio actual
- Certificados acreditativos de estar ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridades Social (no caso de non autorizar a comprobación polo Concello)
- Certificado bancario do número de conta onde desexan que se lles ingrese o importe da subvención

**DECLARACION RESPONSABLE**

En relación coas bases reguladoras das subvención para comisións de festas de Cedeira, ano 2022, declaro responsablemente que a entidade que represento cumpre cos requisitos establecidos nas bases reguladoras da presente convocatoria de subvencións, e en particular

- Todos os datos que constan na solicitude e nos documentos que se xuntan son certos.
- Que non está sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei de Subvención ou a Lei Xeral Tributaria.
- Que non está incurso en ningunha das circunstancias a que se refiren os artigos 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 10.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Que está en posesión de un seguro de responsabilidade civil que cubra os danos derivados da actividade da asociación fronte a terceiros.
- Que acepto as actuacións de comprobación e seguimento que poida levar a cabo o concello.
- Autorizo para os efectos da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, ao Concello de Cedeira a incorporar estes datos, ou aqueles outros dos que tiver coñecemento como consecuencia da relación iniciada, a un ficheiro automatizado que ten por finalidade dar cumprimento ás funcións que debe realizar dentro do proceso de trámite, xestión, concesión e pagamento encomendadas pola Lei 38/2003, xeral de subvención, así como para a xestión doutros servizos ou programas de iniciativa municipal do seu posible interese
- Manifesto o meu coñecemento de que os datos proporcionados poden resultar obrigatorios para a xestión do expediente e que a unidade tramitadora, en tanto non comunique o contrario, entenderá que son exactos e actuais.
- Comprométome a comunicar ao Concello de Cedeira, no menor prazo de tempo posible, calquera variación dos datos proporcionados co fin de proceder á súa actualización
- Coñezo as responsabilidades legais que poden derivarse de incorrer en falsidade en documentos administrativos e, en particular, a esixencia do reintegro da subvención, mais os intereses de demora correspondentes, sen prexuízo da tramitación do correspondente expediente.

Ten solicitada/ concedida **outra subvención** para a mesma finalidade ( SI/  NON) . Por un importe de \_\_\_\_\_ € á entidade \_\_\_\_\_ e o importe da subvención recibida polo Concello, xunto con outras percibidas non superará o importe total de gastos.

- AUTORIZO** a comprobación polo Concello da circunstancia de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias (Facenda pública e Atriga) e coa Seguridade Social. ( De non autorizar ao Concello téñense que presentar certificados de estar ó corrente con ditas Administracións).

ASINADO DIXITALMENTE



**ANEXO B.- MEMORIA-PROXECTO DAS ACTIVIDADES OU PROGRAMA A REALIZAR**

Nome Comisión de festas	
CIF	

Denominación do proxecto	
--------------------------	--

<b>DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE</b> (*sen prexuízo de que para a xustificación poidan engadirse outros a maiores que cumpran cos requisitos sinalados nas presentes bases)

<b>Finalidade que atende</b>
<b>Beneficiarios/as da actividade</b>
<b>Outros detalles necesarios para coñecer o alcance do investimento e a xustificación da súa utilidade pública e da relación coa actividade da comisión de festas.</b>

<b>Orzamento das actividades</b>			
<b>Denominación</b>	<b>Custo previsto</b>	<b>Ingreso previsto</b>	<b>Procedencia do ingreso</b>
	€	€	
	€	€	
	€	€	
	€	€	

ASINADO DIXITALMENTE